

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 20 DE NOVEMBRO DE 2015

FAVORABLES.-

LIC/534/2015.- ALICIA ALVAREZ RODRIGUEZ.- Aceptar a título gratuito e libre de cargas e gravames a cesión de terreo dende a aliñación oficial e conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Lg. Igrexa (da) – Enfesta.

LIC/2050/2012.- FEAFES GALICIA.- Conceder a licenza para executar obras de acondicionamento de local para oficinas e aula de formación na rúa Belgrado (de), 1.

LIC/34/2015.- JUAN CARLOS BONINO IGLESIAS.- Conceder a licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Camiño Real de Angrois, 20.

PARCELACIÓNS.-

LIC/1601/2015.- RAMÓN VILLANUEVA JEREMIAS.- Conceder a licenza para parcelar unha parcela sita na Avda. Rosalía de Castro (de), 122.

PRÓRROGA.-

LIC/1646/2015.- MERCEDES VÁZQUEZ LÓPEZ.- Conceder a prórroga da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local na sesión do 10 de outubro de 2011 (LIC/2/2011) para a construción dunha vivenda unifamiliar illada no lugar de Pousada de Bando.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

LIC/1683/2015.- SANTIAGO MUIÑA SANTISO.- Acceder á devolución da fianza depositada para responder dos posibles danos en bens e servizos públicos pola execución da obra para a construción de vivenda unifamiliar na rúa Poza Real de Arriba (da), 5, por importe de 1.500 €.

LIC/1663/2015.- MARIA ANGELES ROMAR GERPE.- Acceder á devolución da fianza depositada para responder dos posibles danos en bens e servizos públicos que resulten afectados pola execución das obras autorizadas no expediente LIC/1037/2012 relativas ás obras de construción dunha vivenda unifamiliar adousada sita na rúa Campo de Santa Marta por importe de 600 €.

LIC/1662/2015.- JAVIER GÓMEZ BARREIRO.- Acceder á devolución da fianza depositada para responder dos posibles danos na vía pública pola execución das obras autorizadas no expediente LIC/997/2011 relativas ás obras de construción dunha vivenda unifamiliar na Travesía de San Lourenzo nº 12, por importe de 2.000 €.

1.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación a título gratuito e libre de cargas e gravames a cesión de terreo dende a aliñación oficial e conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Lg. Igrexa (da) - Enfesta. LIC/534/2015.

(Ver listado previo LICENZAS: FAVORABLES).

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de acondicionamento de local para oficinas e aula de formación na rúa Belgrado (de), 1. LIC/2050/2012.

(Ver listado previo LICENZAS: FAVORABLES).

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Camiño Real de Angrois, 20. LIC/34/2015.

(Ver listado previo LICENZAS: FAVORABLES).

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para parcelar unha parcela sita na Avda. Rosalía de Castro (de), 122. LIC/1601/2015.

(Ver listado previo LICENZAS: PARCELACIÓNS).

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de prórroga da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local na sesión do 10 de outubro de 2011 (LIC/2/2011) para a construción dunha vivenda unifamiliar illada no lugar de Pousada de Bando. LIC/1646/2015.

(Ver listado previo LICENZAS: PRÓRROGA).

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a devolución de fianzas.

(Ver listado previo LICENZAS: DEVOLUCIÓN DE FIANZA).

8.- Recepción de obras.

Autorízase o inicio dos trámites para recibir as obras de edificación destinada ao Centro Xove de creación Cultural da Almaciga.

9.- Servizo de organización e realización do programa de actividades de educación medioambiental e o programa de actividades do Centro de Interpretación do Medio Urbano e natural de Santiago de Compostela así como a realización das funcións de atención ao público e visitas guiadas ao devandito Centro de Interpretación.

Adxudícase a prestación do servizo á empresa Feitoría Verde Soc. Coop. Galega, por un importe de 20.882,25 euros + IVE e un compromiso de mellora de 785,5 horas adicionais.

10.- Aluguer de local para uso sociocultural no barrio de VISO.

Acórdase denunciar o contrato de alugamento do local, situado na rúa Ribeira do Viso, 2-baixo, quedando sen efecto a partir do 31 de decembro de 2015.

11.- Subministración de vestiario para o Servizo de Extinción de Incendios.

Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación, cun tipo de licitación de 26.152,07 euros máis IVE.

12.- Cambio de denominación social dunha empresa.

Infórmase do cambio de denominación da empresa Transportes y Excavaciones Arines, S.L. a Arines Obras y Proyectos, S.L. e do seu cambio de domicilio social.

13.- Subministro de consumibles de impresión para o Concello de Santiago de Compostela.

Adxudícase o devandito contrato a Arenas Ramírez, Francisco (ADINFO), por un importe de 14.124,98 euros/ano máis IVE.

14.- Proposta da Alcaldía sobre modificación da proposta de data 27.10.2015 referente á relación de postos de traballo do departamento de Informática.

Apróbase a modificación proposta, mudando a denominación "sección de modernización de sistemas e comunicacións" pola de "sección de sistemas e comunicacións".

15.- Propostas da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativas a axudas do programa Santiago Suma de inclusión social.

Denégase unha solicitude de axuda por incumprir os requisitos de concesión.

16.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa a dar conta de posta a disposición do Concello de piso pola Asociación de Dano Cerebral "Sarela".

Dáse conta da posta a disposición do devandito piso, situado na rúa Roma, en Fontiñas.

17.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración do Concello coa Universidade de Santiago de Compostela para o programa Ruptura de Parella non de Familia e programa de Mediación Familiar para o ano 2015.

Apróbase o texto do devandito convenio, polo que o Concello achegará 25.000 euros.

18.- Proposta da concelleira responsable de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á sinatura dun Protocolo entre a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela, o Concello de Santiago e a Universidade de Santiago de Compostela para promover a instalación dunha incubadora de alta tecnoloxía no ámbito de ciencias da saúde en Santiago de Compostela.

Apróbase a sinatura do devandito protocolo, que non comporta compromiso económico e polo que o Concello achegará persoal técnico municipal da Oficina de Promoción Económica.

19.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa ao convenio para o financiamento do Bacharelato Internacional do IES Rosalía de Castro. Ano 2015.

Apróbase o texto do devandito convenio, en virtude do cal o Concello achega 6.208 euros.

20.- Proposta da Alcaldía relativa ao convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e á Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque.

Apróbase o texto do devandito convenio, en virtude do cal o Concello achega 8.000 euros.

21.- Propostas relativas a xustificación e pagamento de subvencións nominativas a diversas entidades culturais.

Apróbase a xustificación e o pagamento da subvención á Asociación Cultural Rocha Forte por un importe de 2.000 euros.

22.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos.

Levántase o reparo a unha relación de facturas por prestación do subministro de electricidade, por un importe total de 155.752,38 euros.

23.- Corrección de erros de informe de Intervención nº 792/2015, de execución do orzamento do ano 2015 (3º trimestre).

Procédese á corrección dun erro no devandito informe.

URXENCIAS

1.-Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía e presidente da mesa de contratación da licitación “Servizo de comedores escolares no Concello de Santiago de Compostela para os cursos escolares 2015-2016 e 2016-2017”. Acórdase:

1.-Deixar deserta a licitación de referencia ante a retirada das ofertas dos tres licitadores admitidos

2.-Requerir ás empresas Catering Perea Rojas SLU, Villasenín S.A. e Serunión S.A. que acrediten documentalmente as razóns que motivan a súa decisión de retirada das súas proposicións a esta licitación, aos efectos de xustificar que non se trata dunha retirada indebida. A documentación que se aporte por estas empresas será obxecto de valoración xurídica para determinar se procede ou non a declaración de prohibición de contratar co Concello de Santiago.

3.-Toda vez que da natureza do servizo deriva a necesidade da súa contratación inmediata e a licitación convocada anteriormente quedou deserta, propónse iniciar un novo procedemento negociado sen publicidade, mantendo na súa integridade as condicións dos pregos aplicados ao procedemento aberto, invitando a presentar ofertas alomenos a tres empresas capacitadas para a prestación do servizo.

2.-Arrendamento de equipos de iluminación pública de Nadal, e instalación nas rúas, prazas e espazos públicos do casco histórico, do Ensanche e das parroquias de Santiago. Apróbase o expediente, así como o gasto correspondente á adxudicación, mediante procedemento negociado sen publicidade. O tipo de licitación é de 53.046,4 euros, IVE incluído.

3.-Proposta para prorrogar por un período de 3 meses o actual contrato coa empresa Lacera Servicios y Mantenimiento S.A. para a prestación do servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención de contaminación por lexionela nas instalacións deportivas municipais. Apróbase a prórroga do contrato do 26 de novembro de 2015 ata o 25 de febreiro de 2016, por un importe total de 5.887,94 euros.